




Área / Unidad EDUCACION ED0000 BSS	Documento 23612I00Y6	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/8796/2018
Código de verificación  3W3L 0X3S 716T 6S0C 0RSG	Expediente 236/2018/52	
	Fecha 06-06-2018	

**Asunto**  
ASUNTO: Aprobación das listaxes definitivas de persoas seleccionadas no programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2018.

## RESOLUCIÓN

Visto o informe proposta emitido polo xefe de servizo de Educación e, en virtude das competencias que me foron atribuídas pola Xunta de Goberno Local (Acordo do 18 de abril de 2017, BOP do 24 de abril),

### RESOLVO

**PRIMEIRO:** Aprobar a corrección do erro aritmético detectado na baremación da candidata con ID nº 75, na valoración da renda per cápita que é de 7,5 punto (e non 10), polo que a súa puntuación total baixa 2,5 puntos en calquera dos idiomas elixidos.

**SEGUNDO:** Aceptar a alegación formulada pola persoa solicitante co ID nº 75 e desestimar a presentada pola persoa solicitante co ID nº 62. Asemade, aceptar as renuncias das candidatas co ID nº 45, 33 e 10. En consecuencia, aprobar as correccións propostas pola Comisión de valoración nas listaxes definitivas.

**TERCEIRO:** Aprobar a listaxe definitiva de persoas excluídas no programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2018 (que se adxunta).

**CUARTO:** Aprobar as listaxes definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas no programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2018 para os idiomas de: alemán, francés, inglés e portugués (que se achegan).

**QUINTO:** Ordenar a publicación das listaxes na páxina web educativa do Concello ([www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es)).

**SEXTO:** Facultar ao Servizo Municipal de Educación para ofertar as 7 prazas vacantes (1 de alemán e 6 de portugués) entre ás persoas solicitantes de outros idiomas que non foran asignadas, sempre que cumpran os requisitos para ese idioma, unha vez rematado o prazo de aceptación ou renuncia das persoas seleccionadas.

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no presente documento  
A concelleira delegada con competencias en materia de educación